

María Ovelar

María Ovelar, nacida en Badaxoz en 1982 e residente actualmente en Madrid, é escritora en sentido moi amplo, pois a súa achega vén desde o xornalismo, a poesía, a tradución ou o guión. É creativa, artista performática e novelista: este ano porá o punto e final á súa primeira novela, coa que pretende explorar os límites da literatura posmoderna. Estudou o Bacharelato Internacional e licenciouse en Tradución e Interpretación, realizando un Máster en Xornalismo na Escola de Xornalismo UAM-El País, e ten traballado en *El País* e colaborado con diversas publicacións como *Vogue*, *Marie Claire* ou *Glamour*, para alén de asesorar a grandes marcas para contidos online e offline. Pertence ao colectivo de poetas ARTA, cuxo obxectivo é reivindicar a visibilidade da muller na arte. Organiza e modera varios micros abertos –«Arta Poema» en La Noche Boca Arriba e «Jueves de Poesía» en La Fuente de la Virgen– e diversas mesas literarias en Madrid, e tamén realiza sesións musicais ao vivo unha vez ao mes co alcume DJ Arta.

Proposta de traballo:

Durante a súa residencia de verán, no mes de agosto, María Ovelar explorará os límites da literatura posmoderna a través dunha novela cuxa estrutura circular ten vontade de ser infinita. Non se trata dun simple experimento formal: a arquitectura acompaña o contido e o potencia. Seguindo o ronsel de Jorge Luis Borges, Roberto Bolaño ou Julio Cortázar, aborda temas coma o feminismo, o sexo, as drogas e a metaliteratura desde a autoficción. Irreverente, mordaz e altamente lírica, esta novela localizada en Madrid insírese nun contexto cultural contemporáneo entendido como un gran palimpsesto, propondo múltiples e posíbeis lecturas.



**RESIDENCIA
DE ESCRITORAS/ES**

[agosto]

Marina García López

Marina García López (Madrid, 1989) é doutora en Historia, Xeografía e Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, coa tese *Galicia, Uruguai. A vangarda artística galega no Río da Prata. 1930-1940*. Licenciouse pola mesma universidade en Historia da Arte, especializándose en arte contemporánea, patrimonio artístico e cine. Realizou unha Bolsa Erasmus para aprofundar estudos en arte medieval e renacentista italiana na Università degli Studi di Perugia. Posteriormente viviu en Uruguai, onde colaborou co Departamento de Historia da Arte da Facultade de Ciencias da Educación (UDELAR) e traballou no Instituto Nacional de Belas Artes de Montevideo. Comezou traballando como investigadora para o Museum of Fine Arts de Houston, dixitalizando, catalogando, investigando e escribindo sobre o arquivo histórico da arte nacional uruguiaia do século XX, desde o Museo de Belas Artes Juan Manuel Blanes en Montevideo. Continuou no Museo Gurvich de Montevideo, onde dirixiu o departamento educativo do mesmo, foi comisaria de exposicións e realizou publicacións sobre a Escola do Sur e a evolución da obra plástica do artista José Gurvich.



Proposta de investigación:

No seu proxecto de investigación, Marina García reflicte as conexións e influencias plásticas, estéticas e teóricas que abalaban no territorio riopratense, na propia obra gráfica dunha serie de artistas galegos emigrados que definiron e marcaron parte da «modernidade» que transcenderá na historia da arte tanto de Galiza como do Río da Prata. Analiza unha serie de documentos artísticos e históricos –en parte inéditos e en parte citados– que non foron relacionados entre si deste xeito e que permiten o estudo comparado da actividade e obra de mestres como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Melchor Méndez Magariños, Julio Prieto Nespeireira, Manuel Pailós, Federico Ribas Montenegro e Juan Carlos Alonso durante a súa estada no Río da Prata. Sinala a importancia da chegada destes artistas galegos a esas cidades e a repercusión do seu exilio na historia da arte tanto galega como riopratense. Destaca o proceso cultural que se estableceu entre estes dous territorios unidos por unha ponte cultural baseada na empatía e a experimentación das novas técnicas innovadoras, que logrou consolidar unha identidade galega no exterior.

**RESIDENCIA
DE PENSADORAS/ES**

[agosto/setembro]

Raquel Ferrández Formoso

Raquel Ferrández Formoso (Ferrol, 1990) ten o Grao en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela (Premio Extraordinario Fin de Grao). Experta Universitaria en Linguas e Culturas da India e de Irán pola Universidade de Salamanca. Máster en Filosofía Teórica e Práctica pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED, Premio Extraordinario Fin de Máster). Actualmente é doutoranda nesta última universidade cun traballo de investigación sobre filosofía india. É membro investigador do proxecto «Estudo sistemático das lecturas heideggerianas de Jacques Derrida. Confluencias e diverxencias», dirixido pola profesora Cristina de Peretti (UNED) e financiado polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Colabora como instrutora de filosofía na formación de profesores de ioga ofertada pola escola de ioga Om Shanti. En 2016 obtivo o XVII Premio de Poesía Joven Gloria Fuertes pola obra *Godot nunca lo dijo*, publicado co sobrenome de Kali Ferrández pola editorial Torremozos. Ten colaborado en obras diversas de filosofía perenne e en publicacións científicas con artigos sobre filosofía india e continental.



Proposta de investigación:

As escolas filosóficas do shivaísmo tántrico de Caxemira ocupan un lugar importante entre a multitude de doutrinas que compoñen o universo tántrico, ao longo de todo o subcontinente indio. Coa intención de afondar no pensamento místico dunha destas escolas, a Spanda Trika, a proposta céntrase na tradución ao galego dun dos seus textos máis importantes: o coñecido polo nome de *Spandakārikā* («Estrofas da Vibración»), atribuído a Vasugupta (s. IX d.C.). Debido ao carácter esotérico desta tradición tántrica, e dado que se trata dunha filosofía vencellada á práctica espiritual, devocional e meditativa, entrar a profundar nos seus textos esixe, por parte da persoa que os investigue, un compromiso de traballo que transcende o dominio conceptual ou filolóxico desde o que habitualmente estamos acostumados a pensar na filosofía occidental. A riqueza da simboloxía mística, de orde psicocsmolóxica, característica de toda esta tradición tántrica, plásmase dun xeito especial nese texto a partir da relación amorosa entre Shiva e Shakti, e a través da descrición dos estados polos que vai pasando o practicante a medida que percibe a unión e escisión de ambos, percibíndoo como unha soa forza de vibración (*spanda*) universal.

RESIDENCIA
DE PENSADORAS/ES

[outubro]

Henrique Komatsu

Henrique Komatsu naceu en 1982 na cidade de Pereira Barreto, no interior do estado brasileiro de São Paulo, e creceu na cidade de Curitiba, onde estudou nun colexio franciscano. Ingresou no curso de Filosofía da Universidade Federal do Paraná, institución na que obtivo o bacharelato, e durante a graduación escribiu o seu primeiro libro: *A igreja de pedra*, publicado de maneira independente. Após a facultade, traballou nun cruceiro como axudante de cociña, e co diñeiro acumulado no alto mar retornou ao Brasil, por onde viaxou durante tres meses coñecendo mellor o seu país. Ao final do período escribiu dous libros infantís: *A menina que viu Deus* e *Gangorra*, ambos de publicación electrónica, que figuraron entre os libros máis baixados da plataforma iTunes Brasil; alén do libro de contos *Cidade dormitório* e a novela curta *Concerto para quatro mãos*. Empregouse logo nunha notaría, formándose en Dereito na Universidade Federal de Mato Grosso do Sul. Actualmente mantén un blog onde publica ensaios e contos, e ten un ensaio traducido e publicado na revista literaria *Manoa*, da Universidade do Hawai, nun volume dedicado á literatura brasileira contemporánea. En setembro de 2019 publicará tamén o libro de contos *Ototo*, na editora Confraria do Vento, onde xa tiña publicado, na versión impresa, *A Menina que viu Deus*.



Proposta de traballo:

Despois da escrita do libro *Ototo*, onde explorou as posibilidades da denominada *creative nonfiction*, experimentando tamén o ensaio persoal e investigando os seus límites coa ficción (en especial coa forma do conto) na procura da resignificación de experiencias, crenzas e prexuízos propios, Henrique Komatsu ficou intrigado, neste xogo de construción e deconstrución de significados, coa constatación de que cada experiencia vivida porta consigo un tanto de sentido e un tanto de ausencia de sentido. A escrita sempre nos indica un sentido posíbel, mais, aparentemente, ao establecer un sentido fai que se perda a falta de sentido que habita cada experiencia. Partindo disto, o autor tenta elaborar unha prosa que evidencie non o sentido das palabras, senón a súa falta de sentido, sen por iso caer nun texto absolutamente impenetrábel. De feito, o sentido é un vicio e tórnase unha trampa, tanto para o lector coma para o escritor. A procura é, pois, a dunha prosa que non caia nesa trampa, senón que a sinala.

RESIDENCIA
DE ESCRITORAS/ES

[novembro]

Joelle Saliba

Joelle Saliba naceu en Beirut (Líbano) e estudou literatura francesa na Universidade de Saint-Joseph (USJ Beirut); tamén formou parte do comité de estudantes para a edición de Oriente Medio do premio literario Goncourt (Prix Goncourt, choix de l'Orient). Despois de rematar a súa licenciatura, ensinou francés. No 2017, recibiu unha bolsa para continuar o seu mestrado en Francia e en Portugal: o programa de mestrado «Crossways in Cultural Narratives». A súa investigación centrouse en *Anima*, unha novela do dramaturgo libanés-canadiense Wajdi Mouawad. Explorou os temas da dualidade, a narración polifónica e o xamanismo, así como a reacción do lector. No verán de 2018, traballou co festival Visa pour l'Image (Perpiñán, Francia) e concibiu e dirixiu obradoiros sobre «educación na imaxe» para axudar os nenos a comprender o traballo dun fotoxornalista e darlles ferramentas para interpretar unha imaxe de xornalismo fotográfico. Recentemente, un poema seu publicouse no sexto número da revista italiana *Robida*, que xira arredor do tema «xogar».



Proposta de traballo:

Karantina é a veciñanza na que medrei, é o espazo onde as visións, os pesadelos e as fantasías se mesturaron para formar o meu imaxinario persoal. É o espazo que ti ven que abandonar en 2014 por mor de leis de alugueiros obsoletas. Ese mesmo ano comencei a viaxar e desde entón aínda non me establecín en ningures. Ao longo desta residencia, quero centrarme nas particularidades desa área que se atopa nas aforas de Beirut, entre o mar e as partes máis animadas da capital, case como unha illa rodeada de formigón. O traballo pretende ser una mestura de elementos autobiográficos e de ficción sen orde lineal. Explorarei a inaccesibilidade do mar e da cidade a pesar da súa proximidade, a tensión entre o exterior e o interior, así como as pegadas deixadas pola guerra civil que non vivín (porque inda non nacera) e as interrupcións da curta guerra que experimentei en xullo de 2006. Tamén incorporarei elementos das descrições que me fixo o meu pai do lugar no que medrou e no que foi testemuña das transformacións radicais que esa zona sufriu. Finalmente, a elección do idioma tamén é un tema importante e, aínda que escribirei principalmente en francés, o texto non será monolingüe.

**RESIDENCIA
DE ESCRITORAS/ES**

[novembro/décembro]



Para calquera consulta ou aclaración,
as persoas interesadas
poden poñerse en contacto connosco
chamando aos teléfonos:

(+34) 981 860 371

(+34) 634 532 896

(+34) 650 843 761

ou escribindo ao enderezo:
residencia@axouixerestream.com

